



DITAME SOBRE O PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE ESTABLECE O PLAN DE ESTUDOS DAS ENSEÑANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES DE GRAO EN ARTE DRAMÁTICA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E SE REGULA O ACCESO AO DITO GRAO.

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 28 de setembro de 2010, emite o seguinte ditame en relación coa orde pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de grao en arte dramática na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o acceso ao dito grao.

- 1.- O Consello Escolar de Galicia propón a inclusión dun novo apartado no artigo 7º co seguinte texto: “**f) As e os estudantes poderán obter o recoñecemento de ata un máximo de 6 créditos pola participación en actividades culturais, artísticas e de representación estudantil**”. *Páxina 3, liña 46.*
- 2.- No artigo 14º propónse a substitución da verba: “**secretaria**”, por: “**secretaría**”. *Páxina 6, liña 30.*
- 3.- Para o punto 1 do artigo 15º, propónse a supresión da verba: “**ou**”, que vai despois de: “Os/as alumnos/as”. *Páxina 6, liña 42.*
- 4.- Para o punto 2 do artigo 21º, propónse unha nova redacción co seguinte texto: “**2. O sistema de acceso constará dunha única proba que comprenderá un exercicio, referido á especialidade pola que opten, o cal se determinará nos apartados seguintes:** “. O resto continúa igual. *Páxina 9, liñas 3 a 9.*

O Secretario,

José Alejo Losada Aldrey

V. e pr.
O Vicepresidente,

Fernando del Pozo Andrés

